

**SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE USO DA PÉRTEGA E/OU TRAXE DE PROTECCIÓN PARA A RETIRADA DE NIÑOS DE AVESPA VELUTINA**

IDENTIFICACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE			
Nome e apelidos			
Documento de identidade		Teléfono de contacto	
Enderezo			
Enderezo electrónico			

IDENTIFICACIÓN DO(S) NIÑO(S)		
Número de niños a retirar *de ser máis de 1, cubrir o ANEXO II		
Ubicación dos niños	Lugar(es) e parroquia(s)	
	Coordenadas	

MATERIAL SOLICITADO	
Número de tramos de pértega de retirada (máximo 12 tramos) + cabezal	
Traxe de protección	
Días para os que se solicita o material (máximo 5 prorrogables)**	

\*\*  Solicito a ampliación do prazo para a concesión de uso por \_\_\_ días a maiores dos solicitados, debido ao número de niños a retirar.

Achego copia do documento de identidade.

Declaro responsablemente baixo promesa/xuramento que o inmovible no que realizarei as labores de eliminación do(s) niño(s) son da miña propiedade.

Declaro que o meu empadramento está no concello de San Sadurniño e autorizo ao Concello para comprobar tal extremo

Declaro coñecer as normas de uso para a cesión da pértega e/ou traxe de protección para a retirada de niños de avésa velutina.

Comprométome a realizar un uso responsable do material cedido e á devolución do mesmo en igual estado que o do momento da entrega nas dependencias municipais.

Declaro que os datos contidos nesta solicitude son certos e autorizo ao Concello de San Sadurniño a realizar as xestións necesarias para a súa verificación.

San Sadurniño, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

## ANEXO I

### **NORMAS PARA A CONCESIÓN DE USO DA PÉRTEGA E DO TRAXE DE PROTECCIÓN MUNICIPAIS PARA RETIRADA DE NIÑOS DE AVESPA VELUTINA**

#### **Persoas destinatarias.**

Poderán solicitar a cesión de uso da pértega adaptada todas as veciñas e veciños do Concello de San Sadurniño ou aquelas que, sen ter veciñanza neste concello, posúan propiedades dentro do seu termo municipal; sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maiores de idade.
- Estar en plena disposición das súas capacidades físicas e psíquicas.

A veciñanza acreditarase mediante declaración responsable que poderá ser comprobada polos servizos municipais encargados do padrón de habitantes

A propiedade de bens inmobles será acreditada mediante calquera título válido en Dereito ou, no seu defecto, mediante declaración xurada da persoa solicitante, que se responsabiliza da súa veracidade.

O Concello de San Sadurniño reserva para si o dereito a realizar a comprobación que se estimen oportunas para verificar os datos facilitados.

#### **Admisión de solicitudes.**

Admitiranse todas as solicitudes que cumpran cos requisitos recollidos nestas normas. No caso de presentación incompleta da documentación requirida, notificarase e concederase un prazo de subsanación da mesma.

A tramitación das solicitudes realizarase por estrita orde de entrada no Rexistro municipal.

#### **Réxime de concesión.**

Unha vez comprobada a validez da solicitude e completada a documentación necesaria para a mesma, resolverase nos dous días seguintes a concesión de uso da pértega solicitada por un prazo máximo de 5 días, prorrogable en función do número de niños que se pretendan retirar.

A concesión será notificada á persoa solicitante, sendo informada das condicións da mesma. Este acto pode ser simultáneo á entrega do material.

#### **Condicións da concesión.**

A concesión de uso da pértega e o traxe de protección municipais realizarase en precario e segundo o procedemento recollido nestas normas de uso. O prazo de concesión de uso será por un máximo de cinco (5) días – prorrogable segundo o artigo anterior-, reservando este Concello a capacidade de revocación da concesión sen ter transcorrido dito prazo por razóns de urxencia ou necesidade que serán trasladadas de xeito motivado á persoa concesionaria.

#### **Responsabilidade das persoas usuarias.**

No momento de entrega da pértega, a persoa que a recepcione asinará un documento de entrega no que se compromete ao coidado da mesma e á súa utilización exclusiva para o uso solicitado.

En caso de deterioro ou rotura da mesma derivada dun mal uso ou uso inadecuado da mesma, o Concello de San Sadurniño reserva o dereito de reclamación dos danos ou o inicio das accións que legalmente correspondan.

As persoas usuarias da pértega, alleas ao Concello de San Sadurniño, responderán dos danos e prexuízos causados consecuencia dun uso da mesma doloso ou negligente; recaendo a responsabilidade exclusivamente sobre a persoa ou persoas causante(s) do mesmo, sen que caiba reclamación patrimonial ou doutro tipo contra o Concello, ao non desenvolverse os traballos por encargo da Administración.

**ANEXO II**

IDENTIFICACIÓN DO(S) NIÑO(S)		
<b>Número de niños a retirar</b>		
<b>Ubicación dos niños</b>	<b>Lugar(es) e parroquia(s)</b>	
	<b>Coordenadas</b>	

En San Sadurniño, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_